

ACTA COMISIÓN PERMANENTE DE FACULTADE

Sesión do 26 de abril de 2016

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión Permanente, o martes 26 de abril de 2016, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. **Lectura e aprobación da acta anterior (20 de xaneiro de 2016)**
2. **Nomeamento do representante da Facultade de Historia na Comisión de Avaliación dos Proxectos INOU 2016**
3. **Actualizar ou prorrogar, se procede, o procedemento de Xestión de recursos materiais do centro (PA07)**
4. **Validación, se procede, do Plan de actuación dos servizos permanentes do centro (IT01-PA08)**
5. **Rolda de intervencións**

1. **Lectura e aprobación da acta anterior (20 de xaneiro de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. **Nomeamento do representante da Facultade de Historia na Comisión de Avaliación dos Proxectos INOU 2016**

Convocadas as Axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOU 2016), a Vicerreitoría do campus solicita a designación dun PDI con dedicación a tempo completo, vinculación permanente, cun sexenio recoñecido e que acredite ter sido IP nun proxecto, como representante da Facultade de Historia na Comisión de Avaliación.

A comisión acorda designar ao profesor Fermín Pérez Losada como representante da facultade na devandita comisión.

3. **Actualizar ou prorrogar, se procede, o procedemento de Xestión de recursos materiais do centro (PA07)**

O procedemento de Xestión de recursos materiais do centro (PA07) ten que ser revisado anualmente. Trala comprobación da súa adecuación propónse a súa prórroga.

Apróbase prorrogar dito procedemento.

4. Validación, se procede, do Plan de actuación dos servizos permanentes do centro (IT01-PA08)

O Plan de actuación dos servizos permanentes do centro (IT01-PA08) é actualizado anualmente pola Administradora do centro.

Valídase o plan de actuación remitido.

5. Rolda de intervencións

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

COMISIÓN PERMANENTE

26/04/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
CID NARVÁEZ, DANIEL
COMENDADOR REY, BEATRIZ
FERNÁNDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
REBORDA MORILLO, SUSANA
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
	NO
	SI
SI	
SI	
SI	
SI	
	SI